

Letras, letriñas

Avda. Sada e contornos s/n. 15160 Sada. A Coruña. Tfno e fax. 981 620 337.

Correo elect. ceip.sada@edu.xunta.es Páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipdesada/>

Xornal escolar do Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e contornos. Curso 2007-08. Xuño 2008

1928 - 2008



80 ANIVERSARIO

Sada y sus Contornos



Equipo de Normalización Lingüística



LETRAS GALEGAS

Ao escritor Xosé María Álvarez Blázquez adicounselle o día das letras galegas de 2008.

Estes son os seus datos principais: Naceu o 4 de febreiro de 1915 en Tui (Pontevedra). Foi membro do Partido Galeguista. Casou, no 1945, con María Luisa Cuccamo, coa que terá seis fillos. Fundou as editoriais: Monterrey e Castrelos. A primeiros de marzo de 1985 falece no Xeral de Vigo. O seu primer supervendas foi: O catecismo do labrego.




No colexio celebrámonlo así: Os nenos de sexto de primaria tocaron e narraron un poema de Xosé María Álvarez Blázquez.

Os de quinto de primaria, nós, tocamos outro poema chamado «Tres avelúñas». Saúdanos moi ben.

Pedíronnos que tocáramos e cantáramos o himno galego, eu canteino porque non me acordaba das notas.

Ao final, repartiron os premios e a min non me tocou nada, coma sempre. A María tocoulle. Sempre lle tocou algo. Este ano tocoulle un libro sobre Manuel Lugrís Freire. Era bastante grande pero non moito.



Alejandra 5º

SADA Y SUS
CONTORNOS




ANIVERSARIO




XOGOS


O día 19 de maio de 2008, foi o día dos xogos. Había 4 estacións. 1ª e 2ª -> maridada, tiro de botella e tirar da corda e carreira de vacas. Estaban dende a entrada do colexio ata o Tobogán.



Na 3ª estación entraba todo o campo de fútbol e por detrás do ximnasio había: carreira de carolos, xogo con aros que é o das rillas pero con aros, petanca.



Na 4ª estación estaba o Karaoke no que fomos por orden, un rato 3 anos, 4 e 5, outro rato 1º e 2º, outro rato, 3º e 4º e outro rato 5º e 6º.



Eu fun por todas as estacións e a que máis me gustou foi a carreira de carolos. Tamén xoguei a petanca e outras que xogaron metéron dezas bolas por un burato e unha rompelona.



No Karaoke cantei con Jorge o himno de Sevilla e os da miña clase e os de 6º cantaron outros cancións

50

Manuel

A aula de 3 anos celebra



o día de EUROPA

CARLOS
JAIRO

ALEJANDRO

CARLA
M^o ANGEL

E.I 4 AÑOS

DIEGO.G

PAULA.E

IAGO.L

IRIA.G

ZELTIA

IRIA.P

HUGO.P

ANGEL.M

PAULAT

HUGO.R

DAVID

DIEGO.V

NOA

JOEL

MANUEL



JONATHAN


ROBERTO

MILAGROS
CAROLINA





RIMAS

E. Infantil 5 anos



Ana cáese da cama
 Sandra é amiga de Ana
 Alberto está desperto
 Adrián come pan
 A Leoneidy gústalle Heidi
 Andrés é un marqués
 Carlos ten moitos carolos
 Mar ten un bar
 Candela come canela
 Nerea no bus non se marea
 Rezlan ten un irmán
 Marcos ten cascós
 Antón come xamón
 Irene ten unha ene
 Bogdan pinta a man
 Laura é amiga de Paula
 Yago é un mago
 Diego é un barqueiro
 Belén come ben
 Manuel pintou un cartel
 Jashua deu unha cousa
 Adriana sentouse na cama
 Rafaella ten unha candeia
 A Rubén gústalle ir en tren
 Daneil come mel



Quen e quen?

Pista nº 11 : Morreu en Cambre sobre os 80 anos. No seu testamento pedía ser enterrada en A Coruña, pero nunca se soubo onde está a súa tumba.

Neste curso, en 1º de E.P., fixemos dúas "Descubertas" Sabedes o que é?

Un día chegou ao colexio unha señora que dicía que se chamaba a "Soñona" porque ela dedicábase a gardar, en botes e caixas, os soños e os pesadelos de tódolos nenos. Levounos a todos á biblioteca, alí fixemos xogos, probas, buscamos nos contos persoaxes e cada vez que acertábamos nos daba unha pista. Cada pista tiña cadanseu número. O final xuntamos todas as pistas e descubrimos un persoaxe misterioso.

Pista 1-Foi unha muller...

Pista 2-Viviou no século XVI...

Pista 3-Os seus pais tiñan unha peixería...

Pista 4-Naceu en Sigrás...

Pista 5-Casou por 1ª vez cun carnicero ,Xoan Alonso, e morreu...



Pista 6-Casou por 2ª vez cun carnicero, Gregorio de Rocamonde, e morreu...

Pista 7-Casou por 3ª vez cun capitán de navío, Alonso de Arratia, e morreu...

Pista 8-Casou por 4ª vez cun Escudeiro da Real Audiencia, Gil de Figueroa, que tamén morreu antes que ela.

Pista 9- Era unha muller forte, decidida, esixente e rebelde.

E así, ata un total de 14 pistas negras e 4 vermellas. As do final eran as mais importantes xa que nos ensinaban que Mª Pita foi unha muller moi valente e que defendeu a Coruña do asedio dos ingleses. Fíxose famosa en Maio de 1589 na cidade da Coruña...En España gobernaba Felipe II, en Inglaterra Isabel I. Era o ano 1589. O corsario Francis Drake traballaba para a rainha Isabel I e traía un exército de 30 barcos e 17 mil soldados. En España consideraban a Drake un pirata aínda que estivera ao servizo da rainha de Inglaterra, coa Armada Real Británica "Royal Navy". Drake dirixíase a Lisboa, pero á pasar pola Coruña decidiu vengarse doutras batallas contra os españoles e entrou na Ría da Coruña. Atracou en Oza e por terra foi arrasando toda a Coruña ata cegar á cidade vella, onde resistían uns poucos coruñeses, con pedras, paus e ferramentas. Foi un violento combate porque os ingleses eran moitos máis. Cando bombardearon a muralla morreu o 2º marido de Mª Pita "Gregorio de Rocamonde" e o alférez inglés que levaba a bandeira intentou subir a muralla para espetar alí a bandeira inglesa. Pero xusto antes de subir Mª Pita colleu a espada do seu home e berrulle a outros



coruñeses e coruñesas –“Cuen teña dignidade que me siga” e matou ó abandeirado inglés. E con este feito os coruñeses colleron forza e Drake dou orde de retirada das tropas inglesas porque quedou sorprendido das forzas repentinas que colleron os coruñeses ante a berra de M^a Pita e tiño medo ser derrotado por mulleres sen formación militar e sen armas.

Despois da resistencia contra o pirata “Drake” solicitou ao Rei Felipe II un salario como recompensa do seu servicio e concedéronlle para o resto da súa vida un salario de alférez , mais 5 escudos máis á mes, e un permiso de exportación de mulas de España a Portugal. Foi a primeira muller en ter un soldo relacionada co exército.

O seu verdadeiro nome é María Mayor de La Cámara y Pita.

Tamén descubrimos outro día a Ramón Suárez Picallo, pero esa... é outra historia.....

Alberto, Manolo, Vicky, Xabi, Iria, José Ángel, Noelia, Lucas, Uxia e Luisa.



José A.



Alberto

Noelia

UXIA 7 años

armadura de María Pita.




VIKY


Drake




2º curso




Fomos ao Acuaxio



Plantamos camelios



Escoitamos contos




"Maxia"



"Piratas"

Viaxamos en tren



Poemas


Don raposo muíneiro
é un pouco fanfurrineiro,
mercou un coche novo
e trátalo coma un ovo.



Encántanme as flores
grandes coma soles.
Gústanme as rosas
Porque son fermosas.
Gústame o xirasol
grande coma o sol.



Nube, nubeciña
tan pequeniña,
coa túa cariña
tan branquiña.
No inverno
estás triste.
No verán
riste.



Todo pasa
e todo chega.
Este curso
xa acabou.
Moi axiña
vai vir outro,
traéranos ilusión



3^o curso

A galiña asustada

Era unha vez unha galiña que estaba debaixo dunha pereira e caeuille unha pera na coroiña. Entón foi a onde estaba o galo e díxolle:

- Marche de aí don Galo, que cae o mundo a pedazos.
- ¿Quen llo dixo dona Galiña?
- Caeume a mín na coroiña.

Marchou e foi a onde á lebre e díxolle:


- Marche de aí dona lebre, que cae o mundo a pedazos.
- ¿Quen llo dixo dona Galiña?
- Caeume a mín na coroiña.

Marchou e chegou onde á raposa e díxolle:

- Marche de aí dona Raposa que cae o mundo a pedazos.
- ¿Quen llo dixo dona Galiña?
- Caeuma a mín na coroiña
- Se cae o mundo a pedazos eu quero ir ben fartina...e a raposa papou á galiña.



Carlos. 3º curso




ADIVIÑAS

Onte ovo,
hoxe casuliño,
mañá voarei
coma un paxariño.

(A lofoceta)
¿Qué cousa é?
Que voa sen ter ás
e corre sen ter pés.
(o tempo)



¿Queres té?
¡Pois toma té!
¿sabes tí
que froito é?
(o tomate)
Ten dentes
e non come,
ten cabeza
e non é home.
(o alle)



¿Que cousa é?
Que canto máis grande
menos se ve
(A escuridade)

Estudiante de letra miúda
¿Qué animal é
o que voa sen pluma?
(o morcego)

Longo coma
Un camiño
e torto coma
un fouciño.
(o ruz)

Pequena coma
unha abella
e enche a casa
ata a tella.
(A luz)

De tamaño
dunha cazola,
ten ás
e non voa.
(o sempreiro)

¿Cal é a cousa
que anda
e non se ve?
(o vento)

Anda e anda
sen parar,
e non muda
de lugar
(o murmur)

Nace na fraga
e na fraga se cria
por onde ela pasa
sempre hai alegría.
(A gaita)



3º curso





Centenario Himno galego



Celebramos os dereitos dos nenos/as



Celebramos o día da paz



Entroido




Mostra de máscaras de Entroido

Galería de Fotos 07/08


Normalización e Dinamización Lingüística



Celebración
Letras Galegas



Entrega agasallos
Letras Galegas
e concurso frases feitas



Concurso de
frases feitas



Magosto



Festa dos
xogos populares

SABOR DE MAR




Sector Primario

Sector Secundario

Sector Terciario

Conservas Porta-Muños é unha pequena empresa familiar. Está situada moi preto do mar.
 O obxectivo desta empresa é o desenvolvemento das técnicas de cultivo en augas galegas das principais especies de algas mariñas que a empresa comercializa.
 A acuicultura de algas é unha actividade que, aparte de beneficios empresariais, contribúe á rexeneración ambiental, e preservación da inmensa riqueza natural que posúen as nosas augas.



Algas

As algas son calquera das plantas que viven preferentemente na auga, e, en xeral con clorofila.

Hai diferentes tipos de algas coma: a parda, a verde, a azul, e a vermella.



Algas comestibles

O murgu de Irlanda

É un alga de un bonito cor vermello intenso.

Esta especie é unha das materias primas que se usa nas industrias alimentarias, e particularmente en la lacteras.



Kombu de azúcares

Destaca ante todo o seu suave sabor mariño, algo dulce, e consistencia carnosa, lixeiramente crocante, moi agradable ao mastigar.

Podese utilizar como guarnición ou leite tanta en pratos de carne coma de peixe.



Espagueti de mar

Delicado sabor a mar moi parecido a das almeixas e a os berberechos, ten moitas vitaminas como por exemplo a vitamina C.


E combina moi ben co arroz e a pasta.



A leituga de mar

O sabor que lembra a os moliscos e crustáceos por lo que admite un sin fin de preparacións.

Destaca sobre toda seu alto valor proteínico e a súa riqueza en calcio, magnesio, proteínas e vitamina C.



Nori.

Trátase dunha lámina moi fina, é tamén moi consistente, polo que precisa ser cocinada cocida, tostada o frita para poder ser saboreada.

Sirve para envolar arroz con pescados crudos ou mariñados, o conocido sushi da comida xaponesa.

Éa lga que máis se consume no mundo.

Wakame

 Intenso sabor a mar,
 parecido a la ostra.
 Alto valor proteico,
 Vitaminas del grupo B y
 vitamina C



○ Kombu

○ Kombu ou Laminaria ochaleuca ten alto contido en fibra como as demais algas e rica en moitos minerais, calcio e potasio.

As cintas de kombu teñen un delicado sabor a mar e potencian o sabor dos alimentos.

Poden utilizarse como guarnición tanto en platos de carne como de pescada.



Unha nova agricultura está a nacer:
○ cultivo de algas (acuicultura)

Uso das algas

Os produtos sacados das algas podense usar en medicamentos, por exemplo para facer moldes para os dentes e tamén se poden usar como anticoagulante.

As algas se usan na alimentación porque teñen moitas vitaminas, e se pode usar nas comidas como por exemplo no sushi.

As algas tamen son boas como abono orgánico.



CASTAÑAZO

No magosto paseino moi ben, as actividades eran moi divertidas, pero na da facer o puzzle tiveren que esperar moito.

O ano pasado non era tan divertido, porque ~~eram~~ fomos cos pequenos e escapaban correndo.

As 12:15 comencemos castañas e a maquiña ~~de~~ delas tiñan gusanos, aunque moitos estaban en polvo. Alex deixou as súas castañas nunha ventá e eu collínhas e pelechás para ver se tiñan gusanos. Unha tiña un gusano enteiro. E logo atopamos un que estaba vivo, porque movíase dentro da castaña.

As probas foron:

A primeira proba era moi doada igual que a segunda.

A terceira custume moito, era de meter unhas castañas nunha caixa ~~onde~~ unha corda delimitaba onde te tiñas que poñer para tirar, e estaba moi lonxe, pero logo acercáronma e ~~poden~~ poden chegar a meterla dentro. A cuarta proba era moi doada, tiñas que derribar unhs bloques, os pequenos tiraban cunha pelota de tenís e os maiores cunha de espuma. A proba cinco era de facer un puzzle, pero a xente tardaba moito en facelo e os de sexto curso axudáronnos.



Jémera Rocha García, 5^a

VACACIONES NA DAL

O día 14 do Decembro foi o último día do primeiro trimestre. Este ano non foi igual co ~~ano~~ ano pasado, xa que en lugar de representar unha obra, fixemos un video. Cada curso fai unha cousa e elixemos unha obra curta recetas de coxina, cantan villancicos etc.

Entón este ano a mesma clase fixo dulces de Nadal pero de tres delas: cocadas, empinados e amendoados.



Os alumnos de 6^o e 5^o levamos os mesmos pequenos (3 anos e 4 anos). Cando chegamos xa estaban todas as mãs, e to-

todos os pais.

Antes de empezare o video falámonos un pouco e logo vimos outros videos. Cando rematou o video puxeron o moso. Despois de ver todos os cursos fórmomos ao colexio deixamos as cousas e saímos a xogar cos mesmos pequenos.



Cando taceu o timbre fórmomos a clase a comer turrón, pasas etc e tamén a beber e a escoitar música. Xogamos o parchís e outros xogos. Cando vimeron os reis díronnos moitos caramelos a cada uno. E por último cada uno foise a sua casa a pasar as vacacións de Nadal.

Ruth 5^o curso.

EXCURSIÓN DE FIN DE PRIMARIA

Os días quince e dezaseis de Maio os alumnos de sexto fomos á graxa O Kiriko de excursión de fin de primaria. Foi unha excursión moi especial, xa que o ano que ven non todos iremos ó mesmo instituto. Votamos en falta á nosa compañeira Elena que como todos os anos tivo que ir a Noia e, tamén Javi que tiña un compromiso moi importante coa selección de fútbol, esperemos que teña un bo futuro profesional.

Na granxa pasámolo bastante ben, aínda que eu teño que dicir que iso de limpiar a corte non me gustou moito. O máis divertido foi a discoteca, tiñades que ver a Mary Francis o ben que bailaba o ritmo da súa canción favorita: Words-Soraya.

Algúns parece ser que non durmiron. Tivemos que lle dar de comer aos animais, min gustáronme moito as cabras porque eran moi simpáticas.

A comida non estaba mal pero as máis simpáticas eran as cociñeiras, que se metían cos cativos que pelexaban, de broma, claro

No autobús de volta escoitamos música e algúns durmiron.

Acompañáronnos a nosa tutora Mary Francis, Pilar que dende que se xubilou non deixou de vir a vernos, e Isabel que sempre está para axudar, aínda que eu creo que o pasaron ben.

Este foi para nós o último ano na escola, xa pasaron nove anos, aínda me lembro de Sergio Rodríguez chorando, quen o diría, agora xa é un grandullón.



Tivemos moitos profesores que nos fixeron estudar moitísimo, que nos cargaron con deberes, que se enfadaron ás veces connosco e por iso pídolles perdón e ,en nome dos meus compañeiros. Grazas a todos eles: a Pilar, a Luis, que nos asustou o primeiro día pero con quen aprendimos moito a Mary Francis, que se estresa, a Rosa, que ensinou a tocar a fruta, a Olga, que nos mandaba deberes en vacacións, Miguel e Matucha. E un recordo moi especial para Mari, que era coma unha nai para nós, e que seguro que estaría moi contenta de todos nós.

Nunca esqueceré esta escola. Aquí fixen grandes amigos e tiveron grandes profesores.

Alexandra Ferreira Tembrás





O TRAXE TRADICIONAL GALEGO

As primeiras testemuñas gráficas e tamén literarias dun traxe tradicional galego, poden remontarse a principios do século XVIII, aínda que algunhas pezas teñan maior antigüidade pero estas son máis sobrias e escuras.

Alcanzou o seu maior esplendor no primeiro tercio do século XIX, e pódese tamén dicir que a súa desaparición foi a final deste mesmo século. O traxe galego é o máis europeo de España, e ten paralelos, quizais ancestrais nas costas de Normandía, Escocia e Irlanda. O traxe, ao longo da xeografía de Galicia, está formado sempre polas mesmas pezas, aínda que non é uniforme e presenta moitas variedades comarcais, especialmente entre a costa e a parte montañosa, pero ten unha certa unidade.

Hai traxes de festa, máis luxosos, que hoxe son os máis conservados, e os de traballo, máis sobrios e máis usados, por iso foi máis difícil a súa conservación ao longo do tempo. As materias primas das teas máis usadas foron o liño e a lá, aínda que tamén se utilizou o coiro, a seda, a palla e o xunco. Os escritores romanos xa falaban dos tecidos de liño galego nos seus escritos, e na Idade Media son moi abundantes as súas referencias literarias. O uso da lá é moi antiga, xa que nos castros encontráronse elementos que proban o seu emprego.

O TRAXE DE MULLER

A roupa interior era a camisa, unha peza longa usada de día e de noite, é dicir coma camisa e coma camisón. Tiña dúas partes: a superior chamada cós que era de mellor tea, e a inferior chamada faldrá, de tea máis corrente.

A enauga, mais moderna, era unha saia especial de tea branca xeralmente, con colo moi grande e adornada con encaixes e puntillas de cinta de cor, que indicaban o estado da portadora: vermella para as solteiras, branca para as casadas, negra para as viúvas. Estaba suxeita ao van cunha cinta.

As medias eran de liño ou la, tamén podían ser de algodón ou seda. As máis estimadas eran as caladas e de cor azul, estas eran usadas polas mozas nas romarías.

O pantalón, pololo ou calza interior era branco, dende o van ata debaixo dos xeonllos.

Por riba da camisa poñíase o xustillo, que era unha especie de axustador que cubría dende os

ombros ata o van. Cerrábase cun cordón cruzado en diagonal.

A muller galega podía vestir dúas saias: unha interior, zagal e por riba desta, a vasquiña. Debaixo da cinturilla da saia escondíase a faldriqueira, que era unha bolsa de liño destinada a gardar os cartos e outras cousas que foran de gran estima.

Como peza de abrigo, por riba da roupa interior, usábase o refaixo, especie de saia que adoitaba a ser de cor vermella ou amarela. A peza esencial do traxe era o mantelo, amplo mandil, ou saia aberta por detrás en forma de capa. Era unha peza de luxo, para saír, podía ser de pano negro ou de galas, e cubría as saias e o refaixo.

O dengue, peza tipicamente galega, é a capa que cobre as costas ata o van e que se prolonga por diante, cruzada sobre o peito, para abrocharse por detrás con broche de prata ou metal. Tamén era unha peza de gala.

A cofia, que podía ser de liño moi fino, muselina, tule ou encaixe, cubría a cabeza, e recollía o pelo, tamén era de gala. O peiteado era sinxelo, raía a medio e facíase unha trenza, as mulleres casadas facían dúas trenzas que unían ao final nunha. Crica era o lazo que suxeitaba as trenzas.

Para cubrir a cabeza durante a misa usábase a mantela ou mantilla, a peza máis común e primitiva de toda España.

De abrigo tamén era a manteleta ou capiña (unha peza moi antiga e luxosa), que se levaba sobre os ombros e caía máis abaixo do van, ás veces remataba coa parte superior nun capucho ou capeirote.

Outra peza moi usada era o pano. Podía ser de cabeza (feito en liño, algodón, la ou seda) con debuxos florais, e negro ou de loito, tamén o pano de pescozo (usado en lugar do antigo dengue como peza de abrigo).

O mantón, contrariamente ao pano, nunca se ata. O de festa era o mantón de Manila, de seda natural, bordado, con flocos. Había un de moita estima que tiña oito puntas, e o máis voluminoso, era o de la con flocos, e o mais pequeno era o de man feito de liño e con encaixes.

Calzado: usábase zapato baixo, tamén botas de cana de pano ou pel, e as zocas de madeira dunha zoa peza eran o calzado de traballo.

Usábanse **pendentes**, era moi común un adorno colgante sobre o peito chamado **sapo**, colares de prata, cristais, tamén cruces e medallas. Tamén se utilizou o sombreiro de diferentes materiais.

O TRAXE DE HOME

A primeira peza de roupa interior era a **camisa**, xeralmente de lenzo caseiro de la, e tiña dúas partes: a **peiteira** e a **faldra**, as mangas folgadas e apertadas ao pulso. A de gala tiña a peiteira de diferente tea, con bordados e adornos.

O **calzón interior, cirolas ou calza**, era máis longo có calzón exterior, ata máis abaixo dos xeonllos e mostrábase por debaixo do calzón exterior. Por riba, o **calzón exterior** que era un pantalón curto, que ía dende o van ata un pouco máis abaixo dos xeonllos, levaba unha apertura lateral no interior da perna pola que se mostraba o calzón interior. A tea xeralmente era de pano.

As pernas estaban cubertas con **medias** de la ou de liño, usábanse todo o ano, soas ou por debaixo das **polainas**, que eran unha especie de calzas, para abrigo, e que chegaban dende os xeonllos aos pes, xeralmente de cor negra.

O **chaleco ou colete** era de tecido, case sempre amarelo ou vermello, pode levar colo, e adoita ter botóns de prata. A parte traseira, de liño, adornada con debuxos xeométricos, de flores, ou con recortes de veludo.

A **chaqueta do traxe**, era curta e entallada, non pasaba da cintura, confeccionada xeralmente de

pano verde, azul, castaño, amarelo, tiña mangas estreitas e curtas e dous petos horizontais.

A **faixa** rodeaba o van por riba do calzón, era larga e remataba en flocos, dá dúas voltas arredor, podía ser de distintas cores e ás veces con bordados.

A **monteira** era a peza da cabeza máis común, xa se usaba no século XV. O seu material era de la ou veludo, de cor castaña, verde ou negra. A súa forma máis sinxela era a de **bóveda** cunha dobra arredor, tamén podía levar varios picos e adornarse con borlas de la ou plumas. Tamén había unha que tiña **orelleiras**, recollidas enriba da cabeza e que tapaban as orellas nos días de frío, atando as tiras.

A **capa** era longa, xeralmente negra, castaña ou azul, e forrada coas bandas, e levaba broches de varios metais, coma ouro, prata ou outros.

Calzado masculino

Eran as **zocas de madeira** e os **zocos de coiro** e piso de madeira, que tamén se chamaban **chancas**, moi antigas, quizais de orixe xermánica ou sueva. Tamén se usaban botas ou zapatóns de pel de xato, e con traxe de festa, zapato baixo.

Para protexerse da chuvia usábase unha capa de xunco ou palla, chamada **coroza ou palloza**, que tamén tiña polainas tecidas con xuncos.

Na actualidade o traxe tradicional é utilizado polos grupos folclóricos de gaiteiros e de danzas tradicionais galegas



FINALIZA UN CURSO PARA A HISTORIA DO NOSO COLEXIO E DE SADA



Amigas, amigos:

Un curso máis vai chegando ao seu fin, coa expectativa das vacacións, o merecido descanso para "case" todos, xa que outras/outros aínda que o teñan tan merecido, van ter máis dificultades, polo que chamamos a atención dalgúns de dalgunhas para conciliar familiarmente e gozar todos xuntos. Diciamos "un curso máis", e non é así; foi un curso que pasará á historia da nosa comunidade escolar, (pais, nais, profesores/as e alumnos/as), e tamén á historia de Sada e do conxunto dos sadenses.

80 ANOS DE "SADA Y SUS CONTORNOS"

A nosa escola, a escola dos nosos fillos e fillas, a nosa escola, cumpre 80 anos neste final do curso e a Asociación de Nais e Pais de Alumnos, (ANPA) que nos representa a todos e a todas, implicouse totalmente en que a súa celebración teña o relevo que lle corresponde, pola memoria e o recoñecemento daqueles homes honrados que, a principios do pasado século, tiveron que ir lonxe da súa casa a buscarse a vida traballando duramente, lonxe do seu país. A buscarse a vida, a súa e a da súa familia que ficaba eiquí. Emigraron a Nova York, asociáronse na "Sociedade de Sada y sus Contornos" e un día tiveron a xenial idea de construír unha escola no seu pobo para, entre outra cuestións, evitar que os seus fillos e os fillos dos demais sadenses tivesen que verse abocados a emigrar tamén, tan lonxe, para seguir buscándose a vida.

Hoxe, oitenta anos logo daquel xullo de 1.928, modestamente, pero con orgullo esta ANPA se autoproclama herdeira dos anceios e continuadora do compromiso con Sada e a educación que tan cabalmente expresaron aqueles sadenses de Nova York e que con tanta dignidade puxeron en marcha. Vamos celebralo.

COMPROMISOS FIRMES: AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS, XÁ.

E tamén pasará á historia este curso, porque, ¡por fin!, temos os compromisos firmes e os procesos previos para a súa construción en marcha, da ampliación das instalacións do noso colexio.

A mobilización das nais e pais iniciada fai anos; as mil reunións coas diferentes administracións e colectivos vanse concretando. Hoxe, os procesos para o inicio da solución, están en marcha. Por fin, co compromiso de todos, os nosos fillos e fillas poderán acceder a unhas instalacións e a un equipamento escolar que os faga iguais aos demais nos termos que as leis garanten a todos os cidadáns. É o seu dereito.

Aquel exercicio de dignidade que comezou cun grupo de nais e pais detrás dunha pancarta, ante o seu colexio, existindo o cumprimento dun dereito, non dun privilexio, senón dun dereito, foi o "instante cero" do que, pronto veremos concluído, despois dalgunha frustración. É duro ter que

chegar a porse detrás dunha pancarta na vía pública para esixir respecto, dignidade e xustiza para os nosos fillos e fillas e para os fillos e fillas que nos sucederán neste colexio. É duro, pero é un exercicio de civismo que volveríamos repetir, sen ningunha dúbida, na defensa deses dereitos e deses valores.

SOLEMNE CLAUSURA DO CURSO ESCOLAR 2007-2008. NO NOSO COLEXIO.

Tamén pasará este curso á historia do noso colexio e de Sada, porque, por primeira vez na historia de Sada, a solemne Clausura do Curso escolar 2007-2008 de Galicia, vaixe a celebrar nas instalacións do noso colexio, coa presenza da Conselleira de Educación da Xunta de Galicia.

A ANPA e a representación de pais no Consello Escolar do centro, tiveron a iniciativa e propuxeron solicitar este acto e fué aprobado unanimemente polo órgano de dirección do colexio, solicitado e concedido.

Estamos convencidos de que ese solemne acto, será un bo momento para que a señora Conselleira de Educación da Xunta de Galicia, faga unha referencia inequívoca en relación co futuro do noso colexio. Estamos convencidos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA ALUMNOS.

Outro curso máis, tivemos que seguir suplindo as carencias da administración e encargámonos de pór en marcha e xestionar unha ampla oferta de Actividades Complementarias e Extraescolares para os alumnos. Un ano máis as actividades como Pintura e Manualidades, Inglés e Xogando co inglés, Patinaxe, Judo, Natación, Voley, viñeron a complementar a actividade dos nosos fillos e fillas pola tarde. Podemos adiantar que xa está un grupo de nais e pais traballando no proxecto de actividades para o próximo curso no que, podemos adiantar, que haberá novidades moi interesante que non podemos desvelar aínda.

A nosa especial felicitación ás compañeiras e compañeiros, -nais e pais- que veñen facendo posible esas actividades.

ESCOLA DE NAIS E PAIS, CURSO 2007-2008

Non é difícil escoitar entre os pais e nais das ANPAs que o «oficio» de ser pai non se aprende en ningún sitio e, ao mesmo tempo é, unha das tarefas máis delicadas que emprendemos os seres humanos.

Por segundo ano consecutivo, as nais e pais de alumnos do noso colexio, tivemos a oportunidade de contar cun inxente programa na nosa Escola de Nais e Pais que pretende proporcionarnos ferramentas máis ou menos sinxelas para facilitar a nosa tarefa educativa cara os nosos fillos. educación non se xera a través de compartimentos estancos. Son precisas canles de comunicación e unha acción coordinada para que os nenos e nenas se desenvolvan intelectual, emocional e socialmente nas mellores condicións.

Por iso, a suma dos dous alicerces dese proceso, a familia e a escola, é o camiño que se debe seguir. A sintonía entre os dous eidos vitais dos rapaces e rapazas, amais de xerar confianza entre os pais, nais e mestres e mestras, estimulará a idea de que se atopan en dous espazos diferentes pero complementarios.

Na medida en que a escola e as familias comparten estes obxectivos, pódese pensar en que se xuntan esforzos para acadar o fin común o que se traduce na formación de rapaces e rapazas responsables. Todo elo partindo da riqueza da diversidade, da escoita activa, dialogando en condicións de igualdade. Nós, como colectivo de nais e pais, eso pretendemos desde estes obxectivos xeráis:

- Asentar un espazo de diálogo, reflexión e coñecemento para as nais e pais.
- Potenciar o coñecemento e adquirir ferramentas sinxelas sobre determinados temas necesarios para a educación dos fillos e fillas.
- Promover a reflexión sobre o manexo educativo dos fillos e fillas e os conflitos familiares cotiás.
- Propiciar un espazo cómodo para o afrontamento das problemáticas máis habituais na educación das nosas fillas e fillos.
- Xerar unha dinámica de compartir experiencias e vivencias entre as nais e pais para a construción das pautas educativas.

Neste curso desplegamos a actividade coas seguintes sesións:

- **A familia como espazo de convivencia e socialización.** As normas no sistema familiar. O reparto de tarefas. Educar para a tolerancia.
- **Animación a lectura.** Facer extensivo a participación activa de nais e pais nos obxectivos do Proxecto Lector.
- **Educar para o ocio e o tempo libre.** Ocio e valores humanos. Ocio na familia, na casa e na rúa. O xogo e o xoguete.
- **Reflexionar sobre o uso da televisión.** Da contemplación pasiva da televisión a un modelo crítico e participativo. Directrices para nais e pais de alumnos.
- **Participar na educación.** Participación e democracia; a participación como proxecto; quen participa gaña; a Tutoría; a imprescindible implicación das nais e pais na educación integral. A necesaria unidade pedagóxica nais/pais mestres/mestras.

ESCOLA DE NAI E PAIS: OBRADOIRO DE LÍNGUA GALEGA.

Avanzado o curso, a principios deste ano, un grupo de nais e pais, (a maioría non orixinarios de Galicia), fixeron chegar

aos compañeiros da Asociación que pilotan a Escola de Nais e Pais a necesidade de habilitar un curso ou "algo" para aprender a falar en galego.

Posta en marcha a ANPA, o pasado día 29 de maio, tivemos a gran satisfacción de asistir a clausura do "Obradoiro de Lingua Galega", que todos os xoves, de 19:30 a 21:00 horas, desde o inesquecible 6 de marzo deste ano, veuse celebrando no noso colexio. Contamos coa imprescindible colaboración da coordinadora provincial de Normalización lingüística da consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, Mercedes Queixas, que nos deu todo tipo de facilidades para "facer algo do que non había antecedente algún". Entre eses recursos, temos que facer unha moi especial referencia á profesora asignada para impartir ese Obradoiro, María Cuquejo, á que ademais de recoñecerlle a súa alta competencia profesional na especialidade témoslle que asignar esoutra calidade pedagóxica de conseguir que todos os pais e nais, alumnos e alumas, que empezaron o curso, o terminen, todos. E todo iso nun marco enormemente agradable, cun ambiente no aula exemplar.

Hoxe podemos "escoitar" a algúns pais e algunhas nais, procedentes de Madrid, de Cataluña ou do País Vasco, falando en galego. Están para oídos. Pero tamén a algúns pais e nais galegos que tamén participaron neste Obradoiro para perfeccionar o idioma.


Non sabemos se nos estamos estendendo demasiado nesta colaboración coa nosa revista escolar pero, polo si ou polo non, imos finalizando co desexo de que as nais e os pais; as profesoras e profesores, o equipo directivo do cole, teñades unhas moi felices vacacións e que sexamos capaces, todos, de estar máis tempo cos nosos fillos especialmente porque eles espéranos e necesitanos.

E nós, tamén.

Un bico, abrazos e fraternais e cordiais saúdos para todos e todas de parte de Miguel, Manolo, Carlos-R, Rosa, Chema, Manu, Pedro, Macu, Carlos-G e Lois Uxío.

XUNTA DIRECTIVA





Ata o ano
e lembrade
...sempre
en Galego

Piquiño

C.E.I.P. Sada e contornos

